



1ª EDICIÓN DOS PREMIOS “XARDÍN GALEGO”

CONVOCANTES E ORGANIZADORES DOS PREMIOS

A Asociación Galega de Empresas de Xardinería (AGAEXAR) é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro, constituída no ano 1999, coa finalidade de representar, defender e promocionar os intereses profesionais, sociais, económicos e culturais dos seus afiliados.

A Asociación de Cultivos do Baixo Miño (ACUBAM) é unha asociación empresarial constituída no ano 2013, en cumprimento da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, especificando o desenvolvemento preferente das súas actividades no ámbito provincial de Pontevedra. Os obxectivos principais que esta entidade pretende e que determina as actuacións a desenvolver son:

-Pór en valor os intereses do sector agrícola e todo aquel sector relacionado con este.

-Promover a innovación e eficiencia dos cultivos a través da redución, reutilización e reciclaxe de todos os seus elementos.

-Investigar, formar e divulgar os intereses do sector e dos seus derivados.

-Defender os intereses xerais da asociación e do sector e os intereses e necesidades a nivel individual.

AGAEXAR e ACUBAM convocan a I Edición dos Premios “Xardín Galego”, coa intención de dignificar e promocionar o sector da xardinería en Galicia.

A presentación de candidaturas implica, a todos os efectos legais, a total aceptación das bases que figuran a continuación.

OBXETO DOS PREMIOS

O obxecto dos Premios “Xardín Galego” é recoñecer e difundir actuacións exemplares na execución de traballos de xardinería pública e privada realizados en Galicia e finalizados no 2018, por empresas de xardinería e autónomos galegos.

Os xardíns que se presenten serán seleccionados polo Xurado aplicando, entre outros, os seguintes criterios de valoración:



- Prioridade de uso do material vexetal fronte a materiais inertes.
- Preferencia pola utilización de material vexetal producido en Galicia.
- Composición vexetal, combinación de especies, textura, cor...
- Deseño, creatividade e orixinalidade.
- Criterios de sustentabilidade aplicados á obra.

Os Premios consistirán nunha distinción honorífica acreditada mediante unha placa de bronce e un diploma.

XURADO

O Xurado estará integrado por un mínimo de cinco e un máximo de oito membros, designados conxuntamente por AGAEXAR e por ACUMBAM. Os seus membros serán elixidos entre integrantes das dúas asociacións e/ou persoas de recoñecido prestixio no ámbito de actuación do obxecto dos Premios. O Xurado designará a un membro para exercer a presidencia, sendo as súas funcións as de dirixir as deliberacións e as votacións; e a un secretario, con voz e voto, que será o encargado de redactar as actas das sesións do Xurado. Os candidatos que opten ao Premio, non poderán formar parte do Xurado.

Unha vez finalizado o prazo de presentación das candidaturas, o Xurado reunirse para decidir a concesión dos Premios. Os Premios outorgaranse por maioría simple e poderán ser declarados desertos cando, a xuízo do Xurado, ningunha das candidaturas presentadas reúna a calidade adecuada para a súa obtención. De producirse o empate efectuarase unha nova votación e, se persistira o mesmo, decidirá o voto de calidade do presidente. Do fallo do Xurado redactarase a acta correspondente, e farase público na celebración da XVI Mostra de Cultivos do Baixo Miño, a celebrarse no 2019.

PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN

As candidaturas deberán presentarse dende a data de presentación pública da convocatoria do Premio, ata o 31 de xaneiro de 2019.

Cada participante terá dereito a presentar un único traballo. Os candidatos presentarán as súas propostas en formato dixital a través do enderezo electrónico info@agaexar.gal, acompañando os documentos que se indican a continuación:

- Ficha cos datos do candidato (anexo I).
- Declaración escrita que garanta a autoría da obra presentada (anexo II).



- Fotografías en formato JPG ou TIFF de alta resolución (resolución mínima de 300 ppp.) Representarán o antes e o despois da intervención. Incluiranse fotografías xerais e fotografías de detalle.
- Memoria descritiva do proxecto realizado, en formato Word. Ocupará como máximo cinco páxinas en formato A4 e deberá presentarse en calquera dos idiomas oficiais en Galicia; galego ou castelán.

A ausencia de datos ou a súa inexactitude, así coma a falla de presentación en tempo e forma da documentación requirida, poderá dar lugar á exclusión da candidatura na candidatura aos Premios.

ENTREGA DOS PREMIOS

Os Premios faranse públicos unha vez se produza o faio do Xurado, e entregaranse no acto público coincidindo coa celebración da XVI Mostra de Cultivos do Baixo Miño, a celebrarse no 2019.

As fotografías e memorias explicativas aceptadas serán expostas durante a celebración da Mostra no lugar destinado a tal efecto dentro do recinto. Ao mesmo tempo, o material premiado disporá de publicidade específica en revistas e outras plataformas especializadas no sector da xardinería a nivel nacional.

DEREITOS DE USO

Todo participante, polo feito de concorrer aos Premios, autoriza a AGAEXAR e a ACUBAM á libre difusión das obras premiadas e á utilización da documentación escrita, gráfica e fotográfica remitida, mediante a edición en calquera formato ou medio, renunciando a percibir retribución, remuneración ou compensación económica algunha por este motivo, sen que elo supoña a cesión dos demais dereitos que como autores lles asistan.